

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 31 DE XULLO DE 2024

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día trinta e un de xullo de 2024, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, e coa asistencia dos ilustrísimos e ilustrísimas señores e señoras concelleiros e concelleiras: D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D. MAURICIO VITORIO REPETTO MORBÁN, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como secretario o concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión a secretaria xeral do Pleno, dona Ana María Rivas García, en substitución do vicesecretario accidental, e o interventor xeral municipal, don Luis Ramón Vázquez Parga, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme aos termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE GOBERNO DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS

1. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acordouse:

- Adxudicar a contratación do seguro de accidentes colectivo para os asistentes e participantes nas actividades organizadas polo Concello de Lugo. Expte Ref. 2024/C003/000008.

- Aprobar a contratación das obras de execución do cemiterio de mascotas na parcela anexa ao cemiterio municipal de San Froilán, coa a aprobación do proxecto de obra e do prego de cláusulas administrativas, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto simplificado. Apertura do procedemento de adxudicación. Exp. Ref. 2024/C002/000004.

- Aprobar a contratación da subministración de formigón, coa aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a súa adxudicación por procedemento aberto simplificado abreviado. Apertura do procedemento de contratación. Exp. Ref. 2024/C004/000003.

- Adxudicar a contratación do servizo de prevención alleo nas especialidades técnicas: seguridade no traballo, hixiene industrial, ergonomía e psicosocioloxía aplicada, así como da vixilancia da saúde. Exp. Ref. 2024/C003/000012.

- Desistir do procedemento de contratación do servizo de elaboración e distribución de almorzo e xantar así como atención e apoio durante o dito servizo levados a cabo pola Concellería de Educación nos CEIPS de Lugo. Exp. Ref. 2024/C003/000014.

- Aprobar a contratación de subministración de emulsión bituminosa para o mantemento de toda a rede de camiños municipais coa aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a súa adxudicación por procedemento aberto. Apertura do procedemento de contratación. Ref. exp. 2024/C004/000001.

- Aprobar a contratación da subministración de vestiario de uniformidade para a Policía local de Lugo coa aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a súa adxudicación por procedemento aberto. Apertura do procedemento de adxudicación. Expte. Ref. 2024/C004/000007.

2. FOMENTO.- Acordouse aprobar o convenio de colaboración entre a Axencia Galega das Industrias Culturais e a entidade Concello de Lugo para a xestión da programación da rede galega de teatros e auditorios do segundo semestre do ano 2024.

3. PERSOAL.- Acordouse:

- Aplicar o incremento retributivo do 2%, previsto no Real Decreto Lei 4/2024, do 26 de xuño, con efectos do 1 de xaneiro de 2024.

- Resolver a cobertura temporal en comisión de servizos dun posto de cabo bombeiro/a do SPEIS no Excmo. Concello de Lugo.

ÁREA DE COHESIÓN SOCIAL E TERRITORIAL

4. SERVIZOS SOCIAIS.- Acordouse estimar tres recursos de reposición interpostos contra a resolución do Decreto 11871/2023, de concesión/denegación de subvención aluguer 2023.

Asinado dixitalmente polo tenente de alcaldesa delegado da Área de Goberno de Transición Ecolóxica e concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.